



MINISTERIO  
DEL INTERIOR



# DUPLICADOS E RENOVACIÓN DO PERMISO DE CIRCULACIÓN

**IMPORTANTE:** Antes de presentar en calquera xefatura un trámite, deberá solicitar cita previa

## REQUISITOS XERAIS

- **Solicitud** en impreso oficial (*impreso disponible en [www.dgt.es](http://www.dgt.es)*).
- **Identificación da persoa interesada:**
  - Persoas físicas: documento oficial que acredite a identidade e o domicilio da persoa titular (DNI en vigor, permiso de conducción español, tarxeta de residencia, pasaporte máis número de identificación de estranxeiros).
  - Persoas xurídicas: tarxeta de identificación fiscal da sociedade e acreditar a representación e a identidade da persoa que asine (*modelo disponible en [www.dgt.es](http://www.dgt.es)*).
  - Menores ou incapacitados: datos e sinatura do pai, nai ou titor, o seu DNI e o documento que acredite o concepto polo que actúan.
- **Documentación do vehículo:** permiso de circulación (salvo o caso de extravío ou subtracción).

## DUPLICADO POR DETERIORACIÓN, EXTRAVÍO OU SUBTRACCIÓN

- **Taxa** polo importe de 20,40 € (non se admite o pagamento en metálico).

## RENOVACIÓN POR CAMBIO DE DATOS: NOME, APELIDOS, RAZÓN SOCIAL

- **Taxa** polo importe de 20,40 €. O trámite é gratuito se se trata de modificación dos datos que consten nos documentos de identidade das persoas físicas (non se admite o pagamento en metálico).
- Xustificante do cambio: orixinal do DNI/tarxeta de identificación fiscal da sociedade no que xa figure a modificación.
- Se se trata dun vehículo especial agrícola, documento acreditativo de comunicar previamente o cambio ao ROMA (Registro Oficial de Maquinaria Agrícola).

### NOTA:

*Se non presenta o trámite a persoa adquirente, será necesario acompañar unha autorización asinada por esta, xunto co seu DNI orixinal, na que se faga constar a gratuidade (*modelo disponible en [www.dgt.es](http://www.dgt.es)*).*

*A presentación da documentación acreditativa do domicilio de empadramento e do IAE poderá ser substituída por unha autorización expresa para que a Dirección Xeral de Tráfico leve a cabo a verificación telemática da dita información. Para iso ten que marcar o recadro correspondente no formulario de solicitud do trámite ou ben cubrir o formulario de consentimento expreso disponible na sede electrónica ou nas xefaturas de Tráfico. No caso de que non se obteña información válida, a posible emenda deberase realizar mediante a presentación de documentación.*

*En caso de ausencia de acreditación fidedigna dalgún dos datos arriba requiridos, poderá solicitarse documentación adicional.*

## RENOVACIÓN POR CAMBIO DE DOMICILIO

Pode tramitar o cambio de domicilio dende algúns concellos. Consulte concellos dispoñibles en [www.dgt.es](http://www.dgt.es)

- Trámite **gratuito**.
- Xustificante do cambio de domicilio: DNI en vigor, certificado de empadramento, tarxeta censual... Se non hai cambio de municipio, abondará cun recibo de auga, luz, gas...
- No caso de cambio de domicilio de vehículos procedentes de Canarias, Ceuta e Melilla á península ou Baleares, achegarase documento acreditativo de que se despachou o vehículo na aduana. Se non achega o devandito documento, porase en coñecemento do departamento de Aduanas. Para a anotación da importación aboarase unha taxa polo importe de 8,50 €.

## RENOVACIÓN POR CAMBIO DE SERVIZO E REFORMAS DE IMPORTANCIA

- **Taxa** polo importe de 20,40 € (non se admite o pagamento en metálico).
- Documentación orixinal do vehículo: **tarxeta de ITV**. Nela deberá figurar a reforma ou o cambio de servizo realizado.
- Xustificante do pagamento/exención do imposto especial sobre determinados medios de transporte, nos casos de cambio de destino de vehículos de autoescola, alugamento sen condutor, taxi que estiveron exentos do pagamento no momento da matriculación.
- Se se trata dun vehículo especial agrícola, documento acreditativo de comunicar previamente o cambio ao ROMA.